



UNIVERSIDADE
DE VIGO

SEGUIMIENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobado na COAP do 14 de abril de 2005

Modificación na COAP do 21 de xuño de 2005

Aprobado en Consello de Goberno de data 27 de xuño de 2005

No entorno do ensino universitario o alumnado é o elemento central ó constituírse en receptor dos procesos formativos deseñados no marco da misión de xeración e transmisión do coñecemento que é a base da Institución universitaria.

Así, o proceso de aprendizaxe do coñecemento e a súa orientación é facultativo do profesorado e a este compétele a súa planificación, seguimento e avaliación de acordo cos obxectivos e contidos marcados para cada materia no plan de estudos respectivo. Pola súa banda, a Universidade, como responsable da implantación, articulación e seguimento dos seus estudos e, polo tanto, responsable da certificación da aprendizaxe do seu alumnado, debe dispoñer de mecanismos que ofrezan as máximas garantías nos procesos de avaliación. Con tal motivo, dentro do plan de calidade docente da Universidade considérase o *Programa de Avaliación Docente do Alumnado*, que ten por finalidade o estudo e análise do sistema de avaliación considerando: as probas, os órganos avaliadores, os procedementos e a proposta de mellora. O Programa divídese en sub-programas: *Sub-programa das probas ordinarias e extraordinarias* e *Sub-programa de accións especiais e complementarias*¹.

Neste contexto, a Vicerreitoría de Innovación e Calidade consciente da importancia de estudar e mellorar os procesos de avaliación dos coñecementos, así como os seus resultados do rendemento académico do alumnado, dispón, a través dos distintos Centros académicos, unha iniciativa de carácter voluntario que se concreta en: 1) Posibilidade de constitución no Centro dunha Comisión de Calidade Docente se non a houbese, e 2) un procedemento de seguimento do rendemento académico nas materias cunha elevada taxa de fracaso académico. A finalidade e obxectivos destas dúas iniciativas pódense expresar en: i) Identificar e sinalizar as materias cun elevado índice de fracaso académico, ii) Prover ós centros de información sobre o rendemento académico do seu alumnado, iii) Incentivar ós centros para analizar a situación das materias das titulacións, iv) Favorecer e mellorar os procedementos de avaliación das probas e exames do alumnado.

COMISIÓN DE CALIDADE DOCENTE

¹ Programa da Avaliación Docente do Alumnado: A avaliación dos coñecementos correspóndelle ó profesorado, e é posiblemente, dentro do sistema de aprendizaxe, o proceso con maior grao de dificultade na aplicación. Neste contexto, a Universidade como responsable da certificación da aprendizaxe do seu alumnado debe dispoñer de mecanismos para ofrecer as máximas garantías de transparencia na valoración dos procesos de avaliación. Por isto, o Programa de avaliación docente do alumnado ten por finalidade o estudo do sistema de avaliación completo considerando: as probas, os órganos avaliadores, os procedementos e a proposta de mellora. O Programa, como nos casos anteriores, divídese en sub-programas: *Sub-programa das probas ordinarias e extraordinarias* e *Sub-programa de accións especiais e complementarias*. O Sub-programa das probas atenderá á existencia de criterios, á transparencia e ás garantías legais nos procesos de avaliación do alumnado. Ademais, **considérase a conveniencia de adicar especial atención ós procesos de avaliación cando concorran situacións repetidas cun elevado índice de fracasos**. Na análise distingúranse probas: Ordinarias, que comprenden a execución e a avaliación realizada polo profesorado da materia onde se consideran as reclamacións ó profesor e ó Departamento e Extra-ordinarias, que comprenden as probas e as avaliacións feitas a través dun tribunal elixido para o efecto. Dentro das avaliacións extra-ordinarias pódese agrupar o sistema de avaliación que considera o historial ou curriculum académico do/a alumno/a, sen que exista unha proba adicional, e que o teñen implantado algunhas universidades españolas coma na de Vigo. O *Sub-programa de accións especiais e complementarias* ten por finalidade a implantación de iniciativas para axudar ó alumnado na mellora da súa aprendizaxe e superación das probas de avaliación.



SEGUIMENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

UNIVERSIDADE
DE VIGO

A Comisión CD, se procede a súa constitución, será nomeada pola Xunta de Centro e as súas funcións, ademais das correspondentes a analizar e estudar os distintos programas derivados do plan de calidade docente da Universidade, deberá ter unha delegación expresa da Xunta de Centro. A constitución desta Comisión será comunicada á Vicerreitoría de Innovación e Calidade, e terá a composición que o Centro determine². No caso de non proceder a súa constitución, o Centro poderá utilizar para os seus efectos unha comisión estable recoñecida no seu regulamento interno, o cal porá en coñecemento da Vicerreitoría de Innovación e Calidade.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO NAS MATERIAS CUNHA ELEVADA TAXA DE FRACASO ACADÉMICO

Os distintos elementos de que consta este Procedemento SRA están organizados en base a un núcleo central concretado na busca da mellora dos procedementos de actuación dos Tribunais Extraordinarios³ nomeados para a avaliación do alumnado nas materias que presentan un elevado índice de fracaso académico. Isto é, a partir da identificación das materias así caracterizadas, o programa pretende, inicialmente, axustar as actuacións dos tribunais extraordinarios que deben actuar nas mesmas ás consideracións que a lei marca sobre a avaliación das probas, consideración do historial académico e outras circunstancias, de xeito que, a partir desta revisión, o Centro poida extraer conclusións e realizar recomendacións na busca da mellora do rendemento académico. As distintas fases e xestión do Procedemento do SRA será feita a través da Comisión CD, se se constitúe. En caso contrario, farase a través da Comisión estable recoñecida no Centro.

O Procedemento de Seguimento do Rendemento Académico (SRA) terá carácter voluntario, de xeito que a el se poderán acoller aqueles Centros que así o acorden e o comuniquen á Vicerreitoría de Innovación e Calidade. Para os efectos da súa valoración e recoñecemento, o Procedemento SRA será considerado como un plan de mellora coordinado dentro da valoración da actividade docente dos centros.

Fases do Procedemento de Seguimento do Rendemento Académico

² A pertenza a esta Comisión terá a mesma consideración que se aplica a unha comisión estable para o efecto de recoñecementos de valoración da actividade docente

³ No caso da Universidade de Vigo as probas de avaliación xerais, desde un punto de vista de execución administrativa, divídense en :

- **Ordinarias**, que comprenden a execución e avaliación de probas realizadas polo profesorado da materia. A este tipo de avaliacións sométense os/as alumnos/as con menos de 5 convocatorias consumidas na materia. Pola súa vez, son complementarios a este tipo de probas os procesos de reclamación ó/a profesor/a da materia e ó Departamento.
- **Extraordinarias**, a este último bloque pertencen as probas a que se deben someter os/as alumnos/as que superaron 4 convocatorias ou convocados para probas fin de carreira. As probas e avaliacións serán feitas a través dun tribunal elixido para o efecto constituído por tres profesores numerarios nomeados pola Xunta de Facultade ou Centro (RD 8/76) e segundo establezan as normas vixentes da universidade. As actuacións do tribunal deben axustarse ó establecido no capítulo II sobre órganos colexiados da Lei 30/1992 de 26/11 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE de 27/11/1992, modificada pola Lei 4/1999 de 13/01, BOE de 14/01).. Nestas probas o tribunal, ademais de avaliar a proba realizada, debe considerar o historial académico e demais circunstancias do/a alumno/a (RD Ley 8/76 do 16 de xuño de 1976).



SEGUIMIENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

UNIVERSIDADE
DE VIGO

O Procedemento de Seguimento do Rendemento Académico (SRA) estará integrado polas seguintes tres fases: i) identificación das materias obxectivo, ii) solicitude de acollida ó procedemento polos Centros, comunicación ós Centros adscritos ó Procedemento das materias obxectivo e iii) seguimento dos resultados das convocatorias, revisión, proposta de melloras e implantación.

i. Identificación das materias obxectivo

A Área de Calidade, a partir da información achegada polos servizos informáticos de xestión enviará ós centros a situación das materias correspondentes ás súas titulacións. Estas materias agruparanse fundamentalmente atendendo ós indicadores alumnos aprobados, presentados, matriculados, número de convocatorias consumidas e non presentados. Cada agrupamento quedará denominado por *grupo de materias obxectivo* de acordo co indicador ou indicadores que están sendo considerados. A Comisión de Calidade poderá establecer tantos grupos de materias obxectivo como considere.

ii Solicitude de acollida ó procedemento SRA polos centros

Nos prazos e forma establecidos pola Vicerreitoría de Innovación e Calidade, os Centros que así o desexen comunicarán á Área de Calidade a incorporación ó Procedemento indicando o *grupo de materias obxectivo* que consideran e a Comisión encargada dos seguimentos.

Analizadas pola COAP as solicitudes dos Centros, a Vicerreitoría de Innovación e Calidade comunicará ós Centros e Departamentos implicados a lista de materias obxectivo que se someterán ós procedementos SRA.

iii. Seguimento das convocatorias e actuacións dos tribunais

O seguimento dos resultados das *materias obxectivo* farase a través da Comisión de Calidade ou comisión equivalente do Centro, quen anualmente terá que enviar á Vicerreitoría de Innovación e Calidade un informe sobre os resultados e actuacións onde poderá incorporar propostas de mellora e/ou modificación do Procedemento do Rendemento Académico.

Os acordos dos Tribunais estarán motivados, e serán recollidos nunha acta que se depositará na secretaría do Centro. Os acordos estarán baseados en motivacións e serán comunicados ós/ás alumnos/as sometidos/as á proba con indicacións e suxerencia de mellora do seu rendemento académico, no caso de non superar a avaliación.

Proceso que se debe seguir

- **Consello de Goberno**



UNIVERSIDADE
DE VIGO

SEGUIMENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL EXTRAORDINARIO

MATERIA

Nome

Código

Situación: Plan de estudo vixente. Plan de estudo extinto,..

NÚMERO DE ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS

DATA DO EXAME

TRIBUNAL

- Presidente:
- Vocal:
- Secretario:

Lugar e data da constitución:

ACORDOS sobre A PROBA:

Proceso que se debe seguir para a avaliación do alumnado presentado :

- Estructura da proba que será realizada
- Valoración de cada cuestión/pregunta/problema da proba
- Valoración final da proba de 0 a 10 puntos
- Lugar e data de publicación de resultados provisionais

ACORDOS SOBRE VALORACIÓN DO HISTORIAL ACADÉMICO DO/A ALUMNO/A

ACORDOS SOBRE OUTRAS CIRCUNSTANCIAS DO/A ALUMNO/A QUE SE CONSIDEREN



SEGUIMIENTO DO RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

UNIVERSIDADE
DE VIGO

ACTA DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL EXTRAORDINARIO

MATERIA

Nome

Código

Situación: Plano de estudo vixente. Plano de estudo extinto,..

NÚMERO DE ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS

NUMERO DE ALUMNOS/AS PRESENTADOS/AS

DATA DO EXAME

TRIBUNAL

- Presidente:
- Vocal:
- Secretario:

Lugar e data da reunión do tribunal:

VALORACIÓN DA PROBA:

Alumno/a 1:

Alumno/a 2:

...

VALORACIÓN DO HISTORIAL ACADÉMICO DO/A ALUMNO/A

Alumno/a 1:

Alumno/a 2:

...

VALORACIÓN DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS DO/A ALUMNO/A

Alumno/a 1:

Alumno/a 2:

...

VALORACIÓN FINAL DO/A ALUMNO/A:

Alumno/a 1:

Alumno/a 2:

...

SUXERENCIAS PARA O/A ALUMNO/A:

Alumno/a 1:

Alumno/a 2:

...